

CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO- FINANCEIRA E CONTABLE

Memoria 2018

Edita: Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable

Rúa Domingo Fontán, 9.

15702 - Santiago de Compostela.

A Coruña

Teléfono: 981 541 302

Correo electrónico: info.cixtec@cixtec.es

Páxina web: www.cixtec.es

Ano: 2019

CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE

Memoria 2018

XUNTA DE GALICIA

00 Índice

01	Introdución	3
02	Actuacións levadas a cabo no 2018	5
03	L1: Actuacións para facilitar a relación coa cidadanía	9
04	L2: Actuacións nos sistemas de xestión dos empregados do sector público autonómico	15
05	L3: Coordinación e cooperación entre Administracións Públicas	17
06	L4: Actuacións nos sistemas tributarios, económico financeiros e contables	19
07	L5: Actuacións nos sistemas de información analíticos	23
08	L6: Calidade na xestión e prestación dos servizos TIC	27

01 Introdución

Natureza e funcións do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable

O Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) foi creado pola disposición adicional quinta da Lei 2/98 do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión. Posteriormente apróbase o Decreto 360/98 polo que se regula a dotación de medios persoais (DOG 242 do 22 de decembro do 98) e o Decreto 361/98 polo que se aproba o Estatuto do CIXTEC (DOG 246 do 22 de decembro).


As funcións do CIXTEC son o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa xestión, planificación, supervisión, asesoramento e coordinación, así como a subministración de equipos necesarios para levar a cabo os procesos informáticos da Xunta de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financeira.

A actividade do CIXTEC concéntrase principalmente nos sistemas de información das seguintes áreas funcionais:

- Plan Estratéxico
- Orzamentos
- Contratación Pública
- Contabilidade
- Tesouraría
- Fondos Europeos
- Administración Tributaria
- Patrimonio
- Réxime de Persoal e Función Pública

Organización e estrutura

O 31 de decembro de 2018 a estrutura organizativa do CIXTEC está establecida de acordo co seguinte organigrama:z



02

Actuacións levadas a cabo no 2018

As actuacións do CIXTEC enmárcanse en dous ámbitos principais: a posta en funcionamento de novos sistemas de información e na adaptación e mantemento dos sistemas actuais, onde a adecuación dos mesmos os cambios normativos precisa de constantes actuacións, sobre todo nestes últimos anos coa entrada en vigor de nova normativa.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, introduce nos procedementos de contratación unha maior transparencia na adxudicación e a inclusión de aspectos cualitativos, medioambientais, sociais e innovadores vinculados o obxecto do contrato. Outra importante mellora desta norma e a simplificación dos trámites para os licitadores o que favorece o acceso os procesos de licitación das PEMES.

A Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.



As liñas de actuación do CIXTEC se sustentan en 5 obxectivos aliñados co Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 e a Axenda Dixital de Galicia 2020:

- **O1: Garantir o dereito dos cidadáns a relacionarse por medios electrónicos coa Administración de Facenda**, simplificando os trámites orientados aos servizos, aos cidadáns e ás empresas, de forma que sexan accesibles dende diferentes plataformas, doadas de utilizar e garantindo a calidade e a seguridade, para acadar aforros de custos e redución dos prazos na tramitación dos expedientes.
- **O2: Facilitar a transparencia nas actuacións da Administración de Facenda mediante a racionalización dos servizos económico financeiros**, de contratación pública e tributarios que permita unha xestión homoxénea e un aforro de custos, así como a través da automatización dos procesos e procedementos da Administración de Facenda para o impulso da administración sen papeis e o aumento do coñecemento e habilidades dos empregados públicos nas tecnoloxías da información.
- **O3: Potenciar os servizos de control e xestión mediante a utilización de sistemas estratéxicos que faciliten o proceso de toma de decisións**. Para isto, será necesaria a medición da utilización dos servizos electrónicos mediante indicadores e ferramentas homoxéneas que permitan establecer comparacións e coñecer o uso e o valor xerado.
- **O4: Favorecer o intercambio de información** coa Administración de Facenda estatal, as Facendas autonómicas e locais seguindo o esquema nacional de interoperabilidade, así como garantir a implantación do esquema nacional de seguridade e facilitar os mecanismos de identificación e autenticación no acceso aos servizos.
- **O5: Acadar unha administración pública ecolóxica por medio do uso das TIC para acadar aforros e redución da pegada medioambiental** en ámbitos como consumo de papel, o consumo enerxético, a racionalización de infraestruturas e o traballo en mobilidade.

“ Aproveitar o potencial das Tecnoloxías da Información e das Comunicacions para converter a Galicia nun lugar de progreso social avanzado e onde as persoas poidan levar unha vida autónoma e participar activamente na sociedade ”

Estes obxectivos se materializan nas seguintes liñas estratéxicas:



03

L1: Actuacións para facilitar a relación coa cidadanía

A cidadanía demanda ás Administracións Públicas transparencia nas súas actuacións, eficiencia na xestión e facilidade na súa relación con elas no día a día.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, define no seu capítulo II as obrigas de publicidade sobre información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria

Os portais da Consellería e das entidades dela dependentes, son un bo exemplo do esforzo por ofrecer á cidadanía información relevante e de interese e un indicador de que se está na boa dirección é que durante o 2018 estes portais acadaron 1.030.032 visitantes distintos e que a tramitación integramente por medios telemáticos sigue unha tendencia alcista ano a ano.

www.conselleriadefacenda.es.

www.atriga.gal.

www.cixtec.es.

No que respecta o obxectivo de achegar uns servizos públicos máis eficientes, seguros, accesibles e innovadores e que aproveiten as posibilidades que a tecnoloxía ofrece, a Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) pon a disposición da cidadanía a Oficina Virtual Tributaria onde os usuarios poden realizar trámites en calquera momento e dende calquera dispositivo.

<https://ovt.atriga.gal>

“ Os portais de Facenda recibiron máis de un millón de visitantes distintos durante 2018 ”



Notificacións electrónicas

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que os cidadáns poden elixir o método de recepción das comunicacións da Administración mentres que para as empresas e obrigatorio o envío das mesmas por medios telemáticos.

O Sistema de Notificacións de Galicia (<https://notifica.xunta.gal>), é o enderezo electrónico a través do cal os cidadáns e empresas poden acceder ás notificacións enviadas pola Xunta de Galicia ou calquera das entidades dependentes.

Dende os sistemas xestionados polo Cixtec enviáronse a Notifica.gal un total de 94.554 notificacións durante o ano 2018.


Autoliquidación de taxas, prezos e impostos

Unha das funcionalidades máis empregadas polos usuarios da Oficina Virtual Tributaria e a autoliquidación de taxas, prezos e impostos.

O contribuínte pode elixir o método máis axeitado de pago telemático sen necesidade de acudir ata algunha das entidades financeiras colaboradoras.

“ Dende finais de 2018 está dispoñible a xestión telemática dos avais nas entidades adscritas ”

Autoliquidacións presentadas para todos os impostos



Xestión Telemática de Avais

Cada ano preséntanse na Administración autonómica uns 2.000 avais, a maioría constitúe unha garantía en procesos de contratación pública onde este trámite integrárase proximamente na Plataforma de Contratación Pública da Comunidade Autónoma.

Para axilizar a tramitación, e aforrar desprazamentos a empresas e particulares que ata agora tiñan que realizar este trámite de xeito presencial, definíronse mecanismos para que as entidades financeiras colaboradoras envíen de xeito telemático os avais.

Dende finais de 2018, esta posibilidade está dispoñible para os clientes de Abanca, BBVA e CaixaBank, que en conxunto representan máis do 40% dos avais presentados na Administración galega.


Sistema electrónico de facturación (SEF)

O Sistema Electrónico de Facturación (SEF) permite ás empresas e provedores en xeral, realizar de forma directa a presentación telemática de facturas ante Xunta de Galicia e ante as Entidades do Sector Público dela dependentes, así como a xestión e seguimento de estados de tramitación.

No ano 2018 se incorporaron 152 novas unidades tramitadoras, sendo o número de entidades que utilizaron o SEF durante este exercicio de 1.224.

Durante este exercicio engadíronse diversas funcionalidades e cambios demandados polas entidades e organismos que empregan o sistema así como as adaptacións necesarias para cumprir co Real decreto 1040/2017 de 22 de decembro

Punto Xeral de entrada de facturas da CCAA. Evolución




Rexistro de contratistas

O Rexistro Xeral de Contratistas créase como un instrumento auxiliar da contratación administrativa que ten por obxecto por una banda facilitar a concorrencia de licitadores evitando a multiplicidade de documentacións análogas a presentar en cada licitación, e por outra banda axilizar a tramitación dos procedementos de contratación pública, facilitando ás mesas de contratación a labor de análise das documentacións presentadas.

Durante este exercicio emitíronse 23.358 certificados que permitiron ás mesas de contratación axilizar a labor de análise da documentación presentada polos licitadores.

Trámites realizados no Rexistro de contratistas



Xestor de expedientes de contratación (Plation)

A entrada en vigor o 9 de marzo de 2018 da “Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014” tivo un impacto significativo nos procedementos de Contratación Pública o modificar procedementos e introducir outros novos, ademais de fixar novos criterios de transferencia e información.

Para dar cumprimento a este novo marco desenvolveuse o Sistema Xestor de Expedientes de Contratación (PLATION) que proporciona cobertura a todas as fases dos procedementos de contratación dende que se inicia un expediente ata a súa extinción.

A utilización de Plation para a Administración Xeral da Xunta de Galicia e as Entidades do Sector Público Autonómico reporta os seguintes beneficios:


- Normalización de todos os modelos dos procedementos de contratación.
- Todos os documentos do expediente se almacenan nun único repositorio.
- Comunicación telemática coas empresas licitadores e/ou adjudicatarias.
- Maior transparencia nos procesos de contratación pública.

No ano 2018, 6 entidades empregaron Plation para os procesos de licitación pública, xestionando un total de 309 expedientes.

Durante este exercicio se realizaron os seguintes traballos para a implantación do sistema a nivel autonómico a partir do ano 2019:

- Adaptación a cada entidade segundo os seus fluxos de traballo.
- Configuración dos procedementos e dos modelos de documentos para cada entidade.
- Integración con sistemas como a Plataforma de Contratos de Galicia (PcPG), o Sistema Electrónico de Facturas (SEF) o XUMCO para a xestión contable e o Sistema de Notificacións de Galicia (Notific@).

“ O Xestor de Expedientes de Contratación (Plation) permite dar cobertura de maneira totalmente electrónica e global ao proceso de Contratación Pública ”




Sistema de licitación electrónica

O Sistema de licitación electrónica permite levar a cabo de xeito telemático tódalas fases dos procedementos de licitación dos contratos garantido a confidencialidade das ofertas presentadas a o momento da celebración das mesas de contratación.

No ano 2018 as actuacións no sistema foron encamiñadas para a su integración con Xestor de Expedientes de Contratación (Plation) e a adaptación do sistema á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

O número de expedientes de contratación tramitados durante o exercicio 2018 foi de 107, os cales incluíron un total de 431 ofertas.



Rexistro de contratos do Sector Público Autonómico de Galicia

O Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico de Galicia cumpre a función de informar sobre os contratos formalizados pola Administración Xeral da Xunta de Galicia e as entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

Ó longo deste exercicio incorporáronse no Rexistro un total de 187.011 contratos, que foron enviados ás Plataformas de Contratación do Ministerio de Facenda e a de Contratos Públicos de Galicia.

Cada un dos contratos adjudicados están relacionados de forma directa coa a súa tramitación contable o que permite unha trazabilidade completa do seu ciclo de xestión.

Plan Estratégico de Galicia 2015-2020

O Plan Estratégico de Galicia 2015-2020 é o documento que impulsa a senda de recuperación económica, facendo da nosa comunidade un territorio máis atractivo para traballar, investir e convivir.

O balance dos tres primeiros anos de execución do plan inclúe un total de 1.961 indicadores de produtividade valorados cun total de 384 centros de xestión involucrados no mantemento dos mesmos.

Os resultados acadados en cada un dos obxectivos estratégicos definidos no Plan está a disposición da cidadanía na plataforma xestionado polo CIXTEC no enderezo www.planestratexico.gal.



Sistema de xestión e comunicación de fondos europeos

A Estratexia Europa 2020 é a axenda de crecemento e emprego da UE para o período 2010-2020 que establece cinco grandes obxectivos:

- Emprego para o 75% das persoas de 20 a 64 anos.
- No eido do I+D fixa un investimento do 3% do PIB da UE.
- Redución das emisións de gases de efecto invernadoiro un 20% (ou un 30% se se dan as condicións) menores aos niveis de 1990, emprego de enerxías renovables e aumento do 20% da eficiencia enerxética.
- Reducir a taxa de abandono escolar prematura por debaixo do 10% e que polo menos un 40% das persoas de 30 a 34 anos de idade deberán completar estudos de nivel terciario.
- Diminuír polo menos en 20 millóns, o número de persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión social.

Ao longo do período 2014-2020 Galicia recibirá axuda comunitaria por un importe estimado de 2.811 millóns de euros relacionado cos fondos FEDER e FSE e a cohesión económica, social e territorial.

A xestión dos Fondos Europeos esixe dun especial réxime de seguimento, acreditación de requisitos, verificación e control, e por este motivo cóntase con as seguintes ferramentas:

- Fondos1420, sistema de información de axuda á xestión e certificación dos fondos europeos FEDER, FSE e outros.
- Participa1420, que permite a captura e xestión dos datos individualizados dos participantes que son beneficiados por axudas financiadas con fondos europeos.
- Sistema de información e comunicación de fondos europeos para dar cobertura ó Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 relativo a información e publicidade sobre os fondos.

Fondos1420, intégrese cos sistemas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Sistema de información de subvencións

O Sistema de Información de Subvencións xestiona a información básica de subvencións do Sector Público Autonómico, que no exercicio 2018 acadou 1.301 convocatorias cun total de 50.431 concesións rexistrada.

A través deste sistema envíanse os datos relativos á xestión das subvencións da Comunicade Autónoma de Galicia á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

“ No sistema Participa1420 foron xestionados dende o inicio do período un total de 1.961 proxectos europeos. ”

04

L2: Actuacións nos sistemas de xestión dos empregados do sector público autonómico

Sistema de información de nómina

O cálculo das nóminas dos empregados públicos da Administración Xeral de Galicia e das Entidades do Sector Público Autonómico realízase mediante o Sistema de Información de Nómina e Recursos Humanos (BREIXO). Este sistema non só realiza todo o proceso de cálculo, senón que tamén fai a comunicación dos datos necesarios á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), á Tesourería Xeral da Seguridade Social e ás mutuas de funcionarios (MUFACE, MUGEJU, ISFAS), etc.

Durante o 2018 se incorporaron 3 novas entidades: RETEGAL, Xenética Fontao e Xesgalicia e realizouse a integración co Servizo Galego de Saúde para a obtención en tempo real das incapacidades temporais o que permite obter información do Instituto Nacional de la Seguridad Social.

Outras actuacións realizadas no exercicio:

- Adaptacións para cumprir coa lexislación autonómica e estatal nos ámbitos tributario, orzamentario e de seguridade social para o exercicio 2018.
- Incorporación das necesidades e funcionalidades requiridas polas diversas entidades e organismos que empregan o sistema.
- Adaptación do formato do certificado de retencións e ingresos a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas físicas ó formato proporcionado pola AEAT.
- Fondo de Acción Social correspondente ao exercicio 2018: captura, comprobación e xeración dos lotes de partes do Fondo de Acción Social (FAS).
- Aplicación das instrucións no ámbito dos recursos humanos demandadas pola Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, Dirección Xeral de Orzamentos, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e Dirección Xeral de Función Pública.
- Elaboración das nóminas dos empregados públicos no exercicio 2018 segundo as normas ditadas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos de acordo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- Cálculo das cotas anuais a ingresar na Seguridade Social.
- Xeración e envío telemático dos recibos mensuais de salarios e do recibo anual de haberes.

“ O 97% das nóminas das entidades do sector público autonómico envíanse de xeito telemático ”

Oficina virtual do empregado público

Dende a Oficina Virtual os empregados públicos poden realizar os seguintes trámites:

- Acceso ós recibos mensuais de salarios.
- Descarga do recibo anual de haberes.
- Consulta dos datos fiscais relativos á declaración do IRPF.
- Realizar a simulación do cálculo de retribucións.

Procesos selectivos

O CIXTEC pon a disposición dos cidadáns un sistema para xeración de solicitudes de acceso aos procesos de selección de persoal ou a consulta de admisión mediante o seu nome ou NIF.

En 2018 se prestou apoio na realización da inscrición ou pago a 18 procesos nos que participaron un total de 17.354 aspirantes.



05

L3: Coordinación e cooperación entre Administracións Públicas

A cooperación entre as Administracións Públicas é esencial para proporcionar os servizos aos cidadáns e garantirlles o seu dereito para relacionarse electronicamente con elas. Dita cooperación require unhas condicións tales que permitan que a mesma se poida levar a cabo con fluidez, para o que é necesario que haxa interoperabilidade.

O Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI), regulado polo Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, persegue a creación das condicións necesarias para garantir o adecuado nivel de interoperabilidade técnica, semántica e organizativa dos sistemas e aplicacións empregados polas Administracións Públicas.

Neste ámbito, o CIXTEC desenvolve procedementos de intercambio de información con outras administracións ou entidades que durante o ano 2018 se materializaron en distintas actuacións:

- Catastro. Datos correspondentes ao exercicio 2017.
- Censo Único Compartido (CUC).
- Patrimonio. Incorporáronse as declaracións do exercicio 2017 e as actualizacións de información relativas aos exercicios 2014, 2015 e 2016.
- Recadación executiva, tributos cedidos e ingresos de patrimonio fora de prazo.
- Imposto sobre Actividades Económicas (IAE). Información relativa ao exercicio 2017.

Número de rexistros comunicados

	2018
Tributos cedidos	40.890
Recadación executiva	33.827
Devolucións, doazóns, transmisións e sucesións	6.705
Parcelas catastrais	12.490.050
Control de deducións autonómicas	139.433

Novo convenio Atriga-OLDHs

- O convenio que a ATRIGA asinou supuxo cambios no Xeito para adaptarse o novo modelo de facturación coas oficinas liquidadoras de distrito hipotecario a cargo dos rexistradores da propiedade que teñan encomendas funcións relativas á aplicación, revisión ou exercicio da potestade sancionadora, no imposto sobre sucesións e doazóns e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Envío de poxas por parte da ATRIGA ao portal da AEBOE

- O proxecto englobase dentro do obxectivo de acadar un portal único de poxas da Axencia Estatal do Boletín Oficial do Estado para unha maior difusión e facilidade de acceso para os cidadáns e un aforro para as administracións públicas.

Colaboración coa AEAT

- Envío de información relativa as seguintes operacións:
 - Modelo 990. Información mensual por parte das CC. AA. sobre familias numerosas ou con persoas con discapacidade a cargo Ano 2018.
 - Modelo 993. Control de deducións autonómicas.
 - Modelo 992. Tributos cedidos sobre o xogo. Anual. Información do ano 2017.

Interoperabilidade coa Dirección Xeral de Tráfico

- Nova función de consulta no Servizo de Acceso Telemático de Externos (ATEX) da DGT da titularidade do vehículo por vendedor e comprador para evitar erros na alta de autoliquidacións/expedientes.



06

L4: Actuacións nos sistemas tributarios, económico financeiros e contables

Sistema de información de Xestión Tributaria (XEITO)

O sistema de información tributaria (XEITO) abarca as áreas funcionais de xestión, valoracións, inspección, recadación, Oficina Virtual Tributaria (OVT) e está integrado co Sistema de Información Contable XUMCO para a incorporación dos ingresos tributarios.

Entre as actuacións realizadas ao longo do exercicio 2018, cabe destacar:

- Adaptacións para contemplar a Lei de medidas fiscais dos Orzamentos 2018.
- Adecuación dos documentos xerados polo sistema para adaptarse ao recollido na Lei 39/2015.
- Novo servizo web para adaptar a conexión de XEITO coa nova versión do servizo de ATEX de tráfico (ver capítulo 05) que se utiliza na alta de autoliquidacións de vehículos e nas consultas relacionadas con vehículos de Xeito (por matrícula, nif, historia dun vehículo,...).
- Engadida a posibilidade de dar de alta novos bens nun expediente de transmisións a partir da ficha notarial asociada cando esta esté dispoñible.
- Engadida a funcionalidade de obtención de datos catastrais de solo rústico para a valoración deste tipo de bens.
- Evolución do servizo web de pago de taxas para a implantación da nova pasarela de pago que porase en funcionamento no segundo semestre de 2019.

Sistema de dixitalización certificada (Aport@)

A dixitalización certificada é o proceso polo cal un documento en formato papel convértese nun ficheiro dixitalizado e pasa a ter validez legal ante calquera organismo oficial.

Para que o documento teña a consideración de válido ten que cumprir como mínimo cas directrices do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Algunhas das vantaxes da dixitalización certificada son:

- Aumenta a eficiencia e produtividade na tramitación dos expedientes.
- Ao ter os documentos dixitalizados pódese ter un maior control na xestión do ciclo de vida do expediente.
- Redución de erros humanos nos procesos documentais.
- Aforro de papel e dos custos de almacenamento.

Durante o ano 2018 foron dixitalizados un total de 73.439 expedientes, o que supuxo un total de 280.524 documentos xerados, e 1.405.914 páxinas dixitalizadas.

Imposto compensatorio Ambiental Mineiro (ICAM)

O ICAM é un tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, de carácter ambiental, e orientado a compensar as externalidades negativas xeradas polas actividades de extracción, explotación e almacenamento de minerais metálicos. Este imposto non afecta ás explotacións tradicionais de Galicia (lousa, granito ou áridos).

Durante 2018 se rexistraron 3 declaracións no Censo Electrónico de Concesións e Instalacións de Depósito ou Almacenamentos Mineiros (CECIDAM) e un total de 8 autoliquidacións a través da OV Tributaria.

Valoración de bens por testemuñas (LANX)

O sistema de valoración permite a Atriga a comprobación dos valores dos bens transmitidos declarados polos contribuíntes cando presentan unha declaración tributaria.

O sistema calcula o valor dun ben inmovible a partir da súa tipoloxía e segundo a normativa vixente na data de devindicación do feito imponible.

Os métodos empregados para esta comprobación son:

- Prezos Medios de Mercado (PMM).
- Valoración por coeficientes.
- Neste exercicio engádese un novo método de valoración subxectiva baseada en comparativas de valores inmobiliarios ("busca de testemuñas").

Cando pola particularidade dun ben non é posible aplicar os métodos automáticos, a valoración se fará mediante un ditame de peritos da Administración.

Retención de embargo por débedas tributarias

Adaptación do procedemento centralizado de información e execución de embargos de diñeiro en contas abertas á vista en Entidades de Depósito por débedas tributarias e outras de dereito público á versión do Caderno 63, o que permite unha mellor xestión da nos procesos de recadación.

“ Neste exercicio engádese un novo método de valoración baseada en comparativas de valores inmobiliarios ”

Sistema de información contable, orzamentario e de tesouraría

O Sistema de Información Contable, Orzamentario e de Tesouraría (XUMCO) dá servizo ás entidades dependentes da Xunta de Galicia con orzamento limitativo.

As principais actuacións realizadas no 2018 foron:

- Ampliación da funcionalidade do sistema de contabilidade financeira para que permita implantar con flexibilidade o novo Plan Xeral Contable Público (PXCP) que comezará a aplicarse en 2019.
- Xeración dos certificados de IRPF do modelo 190 cos mesmos formatos que establece a AEAT.
- Adaptación á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:
 - Cumprimento da Norma Técnica de Interooperabilidade sobre documento electrónico.
 - Incorporación da opción de firma electrónica con certificado de usuario.
 - Xeración de Código Seguro de Verificación nos documentos en formato PDF.
- Incorporación de novas funcionalidades e cambios demandados polas entidades e organismos que empregan o sistema.
- Adaptacións e cambio requiridos pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e a pola Dirección Xeral de Política financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

Sistema de Información do Rexistro Público de Entidades e Intercambio de Información (CODEX)

A Lei de Organización de Funcionamento da Administración Xeral e o sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) establece a necesidade, a través da Consellería de Facenda, da construción dun Rexistro de Entidades para o sector público galego. Neste rexistro inclúese toda a información necesitada e manexada polas consellerías: datos identificativos e económicos, centros de traballos, relación de normativas legais, distintos órganos de goberno, etc. Este rexistro permite recompilar nun único sistema a información administrativa das entidades dependentes das distintas consellerías existentes.

O Sistema de Información CODEX proporciona un mecanismo automático de intercambio de información entre entidades, departamentos, consellerías, etc., ofrecendo unha plataforma para axilizar e dixitalizar todo tipo de xestións administrativas derivadas dos distintos procedementos desenvolvidos pola administración da Comunidade.

Durante este exercicio incorporáronse no sistema 15 novos procedementos para a xestión da información das entidades e tramitáronse 218 expedientes.



Elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma

Dende o ano 2002, o orzamento de ingresos e gastos da Administración Xeral e do resto das entidades da comunidade autónoma con orzamento limitativo elaborábase mediante o sistema de información XUMCO.

No ano 2018 realizáronse as tarefas necesarias para a elaboración e presentación do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma e o orzamento definitivo para o exercicio 2019.

Destacan pola súa importancia as seguintes:






- Colaborar coa Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos na adaptación do Xumco.
- Apoiar aos distintos usuarios de consellerías e entes no proceso de obtención dos datos para a preparación do orzamento.
- Diseñar actualizacións e melloras na xestión de elaboración dos orzamentos.
- Automatizar os procesos que forman parte da apertura e peche do orzamento.
- Maquetar e publicar electrónicamente os libros dos orzamentos.
- Preparar a publicación na páxina web do proxecto de orzamentos e as dúas publicacións relativas ao orzamento definitivo.
- Impresión e encadernado do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia están dispoñibles na ligazón:

<http://www.conselleriadefacenda.es/orzamentos2019>

Orzamentos Definitivos

Se o precisa pode consultar tamén os libros do Proxecto de Lei de Orzamentos .

 SERIE AMARELA Lei I, Lei II e Lei III	 SERIE GRIS Memoria I e II, Sociedades Públicas e Programas
 SERIE AZUL Transferencias correntes e de Capital	 SERIE VERDE Investimentos reais
 SERIE ROSA Anexo de persoal	 SERIE TURQUESA Sergas
 SERIE VIOLETA Memoria de Deputacións	 INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO

07

L5: Actuacións nos sistemas de información analíticos

A complexidade na toma de decisións é cada vez maior e resulta máis importante que nunca facelo de forma intelixente, colaborativa e baseada en feitos obxectivos.

Para alcanzar este fin, a Consellería de Facenda conta co Sistema de Información Analítico (SIAN) que permite aos usuarios do mesmo:

- Centrarse nos resultados para ir máis aló dos problemas.
- Orientar a xestión da información en torno ao uso do dato e a súa reutilización.
- Utilizar coñecementos derivados da analítica para o cumprimento de obxectivos.
- Incorporar a analítica da información aos procesos cotiáns en todos os niveis.

Número de usuarios do SIAN

	2015	2016	2017	2018
Plan Estratégico de Galicia	73	96	105	102
Orzamentos	70	82	89	180
Facturación	832	878	935	1.043
Recursos humanos	141	243	283	301
Tesouraría	24	29	33	64
Fondos europeos	6	7	17	26
Contabilidade	288	347	391	723
Tributos	96	100	139	590
Xestión de servizos	22	23	25	26
Actividade	8	8	8	8
DELFOS (consulta por NIF)	0	0	0	68
Número total de usuarios	1.560	1.813	2.025	3.131
Número de usuarios distintos	1.068	1.233	1.223	1.473

“ O número de usuarios que utilizan o sistema de información analítico aumentou nun 54% no ano 2018 ”

Datos disponibles no Sistema de Información Analítica (SIAN)

Plan Estratégico de Galicia

Facilita o seguimento da execución, tanto dende un punto de vista económico como da avaliación dos resultados conseguidos, de cada unha das iniciativas do plan.

Orzamentos

Permite a preparación e elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Facturación

Achega capacidades analíticas sobre os datos da facturación rexistrada en SEF e XUMCO2, co obxectivo de optimizar o ciclo de facturación e as actividades realizadas para garantir os compromisos de pagamento establecidos.

Recursos humanos

Ofrece capacidades analíticas dende o punto de vista das retribucións aboadas en cada concepto aos empregados, bases de cotización (IRPF, Continxencias comúns, continxencias profesionais), así como a súa relación coa execución orzamentaria (Capítulo I).

Tesouraría

Proporciona información analítica sobre a xestión da Tesouraría e a súa relación coa execución do orzamento mediante a información das operacións da Tesouraría e os movementos das contas bancarias, e sobre a relación das operacións da Tesouraría coa facturación.

Fondos europeos

Permite valorar a evolución, a situación e o grao de execución e certificación dos fondos, non só de orixe europeo tales como: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Fondo Social Europeo (FSE), Fondo Europeo de Pesca (FEP), etc., senón de todos aqueles dos que a Comunidade Autónoma sexa a receptora.

Contabilidade

Proporciona capacidades analíticas sobre os datos da contabilidade dos gastos, dos ingresos, a evolución do orzamento e os movementos de documentos contables. Incorpora información relativa á xestión contable/recadadora da aplicación tributaria (XEITO2), e está vinculada cos indicadores da área contable e tributaria do SIAN.

Tributos

Facilita capacidades analíticas sobre a información tributaria existente nos distintos sistemas de información da Consellería de Facenda.

Xestión de Servizos

Subministra información analítica sobre a xestión de peticións de servizos rexistradas, incluíndo número de peticións de servizo, tempo medio dende creación, tempo medio dende a asignación das mesmas, información relativa ao cumprimento do nivel de servizo, etc.

Actividade

Ofrece información analítica sobre a actividade e o uso dos sistemas de información da Consellería de Facenda.

Sistema de información analítico (SIAN)


O Sistema de Información Analítica (SIAN) centraliza nun único repositorio datos dos sistemas Tributario, Patrimonial, Catastral, Contable, etc. e permite dar resposta ás necesidades de información da Consellería de Facenda e as entidades dela dependentes tanto de xeito vertical para cada sistema de información, como ofrecendo unha visión transversal corporativa.

Este sistema:

- Ofrece un servizo flexible, áxil e puntual.
- Facilita aos usuarios o acceso á información. Centraliza a difusión de información analítica nun único portal.
- Garante a calidade e a dispoñibilidade da información. Proporciona unha única visión da información: integrada, de calidade, fiable e que evita as redundancias.
- Proporciona capacidade analítica. Permite obter tendencias, comparativas, medir resultados e diagnosticar comportamentos.

Durante este exercicio engadíronse novos módulos analíticos, cubos OLAP, datos e informes demandados polos distintos departamentos da Consellería de Facenda que empregan o sistema. Tamén se fixeron os cambios necesarios para adaptarse á nova metodoloxía de cálculo publicada no Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Evolución anual do número de usuarios do Sistema de Información Analítico (SIAN)



DELLOS

Este sistema é unha funcionalidade do SIAN que fai uso de técnicas analíticas de Big Data e permite obter as operacións tributarias, contables e doutra índole vinculadas a un ou varios NIF, mostrando de xeito agregado datos vinculados ao contribuínte:

- expedientes, autoliquidacións, liquidacións e bens
- datos do inmovible, titular e referencia catastral
- identificación do índice notarial, operacións efectuadas, intervinentes e valores asociados coas operacións efectuadas

The screenshot displays the DELLOS system interface, which is part of the XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE FACENDA's CiXTEC system. The interface is divided into several sections:

- Header:** Includes the XUNTA DE GALICIA logo, CiXTEC logo, and the Delfos logo.
- Navigation:** A menu bar with options: Personas, Declaracións, Liquidacións, Bens catastrais, and Índices notariais.
- Datos xerais:** A form for entering personal data, including fields for NIF, Pasaporte, Apelidos e Nome, Tipo de Persoa, Sexo, Data nacemento, Profesión nacemento, and Poboación nacemento.
- Enderezo:** A form for entering address information, including fields for Rúa, Código postal, and Enderezo Electrónico.
- Liquidacións da persoa:** A table displaying a list of tax liquidations. The table has the following columns: Expediente, Liquidación, Estado Expediente, Tipo expediente, Estado Liquidación, Data Verificación, Base Imposto, Base Equilibrada, Importe Ingresar, and Importe Ingresado.

Expediente	Liquidación	Estado Expediente	Tipo expediente	Estado Liquidación	Data Verificación	Base Imposto	Base Equilibrada	Importe Ingresar	Importe Ingresado
...	...	Páxe pache	257 - Liquidacións Liquidacións	FISCALDADA	...	0,004	0,004	...	0,004
...	...	Páxe pache	257 - Liquidacións Liquidacións	FISCALDADA	...	0,004	0,004	...	0,004
...	...	Páxe pache	257 - Liquidacións Liquidacións	FISCALDADA	...	0,004	0,004	...	0,004
...	...	Páxe pache	257 - Liquidacións Liquidacións	FISCALDADA	...	0,004	0,004	...	0,004
...	...	Páxe pache	257 - Liquidacións Liquidacións	FISCALDADA	...	0,004	0,004	...	0,004
...	...	Páxe pache	257 - Liquidacións Liquidacións	FISCALDADA	...	0,004	0,004	...	0,004

At the bottom of the table, there is a footer indicating "Mostrando 1 a 6 de 6 entradas" and "Exportar lista".


08

L6: Calidade na xestión e prestación dos servizos TIC

O CIXTEC xestiona o seu funcionamento a partir dun mapa de procesos que controla as interrelacións e interdependencias entre os procesos del sistema, de modo que se mellora o desempeño global da organización.

Estes procesos divídense en:

- Estratéxicos: constitúen guías e directrices xerais para o funcionamento global.
- Operativos: son o fin principal do Centro e os que crean valor e teñen impacto no cliente final.
- De soporte: dan apoio aos procesos clave. O seu valor é indirecto e xeralmente os seus destinatarios son internos.



Un dos indicadores derivados do mapa de proceso e o de atención de peticións de servizo relativos ós sistemas de información que o longo do 2018 acadou un total de 32.424.

Os usuarios destes sistemas de información son cidadáns, empresas, empregados públicos e outras administracións.

Distribución das peticións de servizo por orixe

	2018
Empregados públicos	16.498
Empresas e cidadáns	15.440
Outros: Concellos, Deputacións, Universidades, etc.	422
TOTAL	32.424

Tamén son importantes para o funcionamento dos sistemas actividades para a evolución e mantemento dos equipos informáticos e de comunicacións, a xestión das infraestruturas físicas ou o mantemento dos postos de traballo.

Traslado da plataforma de respaldo ao Centro de Proceso de Datos do Gaiás

Durante o ano 2018 deuse un paso máis no proceso de integración de todos os servizos TIC da Administración autonómica no corazón dixital de Galicia situado na Cidade da Cultura.

A redución do número dos CPDs permite un importante aforro na factura enerxética e na xestión destas infraestruturas que teñen requisitos específicos de refrixeración, seguridade e control de incendios e inundacións.

A configuración dos CPDs xestionados polo CIXTEC é a coñecida como activo-activo o que supón o nivel máis seguro en canto a dispoñibilidade, permitindo que fronte un fallo no CPD principal o servizo sexa asumido polo CPD de respaldo sen que se vexan afectados os principais servizos.

“ A plataforma de virtualización de escritorios virtuais do CIXTEC da servizo a 700 postos de traballo ”

Virtualización da infraestrutura e postos de traballo

No ámbito da infraestrutura é unha práctica habitual na administración de sistemas a de virtualización dos servidores pero nos últimos anos esta tendencia se ampliou de forma significativa os postos de traballo.

A tecnoloxía de virtualización do posto de traballo ten muchas vantaxes, entre as que destacan:

- incremento na seguridade dos escritorios e dos datosredución dos custos de administración,
- asegura a continuidade do servizo,
- acceso ao escritorio dende calquera localización e dende dispositivos de nova xeración,
- homoxenéizanse os postos de traballo.

O Cixtec dispón dunha plataforma de virtualización de escritorios virtuais que da servizo a 700 postos de traballo.



Seguridade da información

Desde o punto de vista da seguridade da información, o feito máis relevante en 2018 foi a entrada en vigor o 25 de maio do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD), que é a norma europea relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

Tamén hai que destacar a entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, que desenvolve no noso país o RGPD e que derroga parcialmente a Lei Orgánica 15/1999.

Adicionalmente a esta normativa, ao CIXTEC ellé de aplicación tamén o Esquema Nacional de Seguridade (ENS) que é unha norma específica para as Administracións Públicas e que busca garantir os principios de seguridade básicos de continuidade, confidencialidade, dispoñibilidade, integridade e trazabilidade nos seus sistemas de información.

Como resultado do novo marco xeral de seguridade da información, durante o 2018 foi necesario a revisión da política de seguridade do CIXTEC para incorporar as novidades da nova regulamentación e facer os cambios necesarios nos procedementos e nos sistemas de información.



O CIXTEC en cifras

